



ALALÁ

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA



75
Aniversario
CONSERVATORIO
A CORUÑA

nº 10 xuño 2018

SUMARIO



E.D.L.G.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA
LINGUA GALEGA DO
CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DA CORUÑA

Uxía Vilar Pazos (coordinadora)
Julia Cristina López Rodríguez
Carlos Soto Sobrado
Abel R. Sánchez Sánchez
Miguel Fernández Lema
Roberto Silva Seara

Deseño e maquetación
Uxía Vilar Pazos

Edita
Conservatorio Profesional de
Música da Coruña

Imprime
Gráficas Orzán, S.L.

Depósito Legal: C-2876-2010
I.S.S.N.: 2172-0940

- 2 Saúdo do director
Jesús López Prado
- 3 O coro do CMUS Profesional da Coruña e... "No bico un cantar"
Julia Mª Dopico Vale
- 6 Rueiro musical da Coruña
Margarita Viso Soto
- 19 V Festival de Bandas 2018
Raúl Galán Cerveró e Julio Cabo Messeguer
- 21 Bernardo Freire: "a forxa dun músico de Cedeira en Uruguai"
Julia Mª Dopico Vale
- 27 Concerto da Coral Polifónica Follas Novas
Fernando Vázquez Arias
- 28 A técnica Alexandre e a súa aprendizaxe
Miguel A. Pardo Teijeiro
- 35 Conferencia no Conservatorio Profesional de música o día 6 de febreiro ás 18 horas. Orixe de Canuto Berea Rodríguez
Por Manuel Rico Vereá
- 50 O recuncho da creatividade



SAÚDO DO DIRECTOR

A revista *A la lá* segue sendo un foro onde todos os membros da nosa Comunidade Educativa poden participar.

En primeiro lugar, quero facer referencia a diversas actividades complementarias e extraescolares feitas polo noso Conservatorio que fan del un referente musical na nosa comunidade:

As semanas musicais, os intercambios con outros centros, as actuacións de distintos departamentos en colexios da nosa cidade, os encontros de música de cámara, a organización de distintos cursos de interpretación impartidos por prestixiosos músicos, os recitais de fin de Grao Profesional, o concurso de solistas que segue tendo unha gran acollida por parte do alumnado, os actos que conmemoraron o día das Letras Galegas, a semana solidaria a favor do Banco de Alimentos “Rías Altas” e de Cáritas, na que participaron todas as agrupacións do Centro, o concerto solidario a favor da ONG “tierra de hombres” que se celebrou no Palacio da Ópera e no que actuaron as catro orquestras e o coro de G.P, e a participación no VI festival “Arte pola igualdade” organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Xefatura Territorial de Educación celebrado no Teatro Colón, onde participou o conxunto de acordeóns. Neste curso organizouse tamén o pasado 13 de maio, dentro da semana de conmemoración das Letras Galegas, o VI Festival de Bandas no que participaron as tres agrupacións do conservatorio. Dito acto tivo lugar nos

xardíns do Centro e contou cunha grande afluencia de público.

Por último quero resaltar os actos da celebración do 75 aniversario da fundación do Conservatorio da Coruña cuxo colofón foi o concerto celebrado o día 5 de maio no Palacio da Ópera, no que participaron as orquestras, bandas e coros dos conservatorios Profesional e Superior da Coruña. As miñas felicitacións a todos os músicos das agrupacións, aos profesores colaboradores, e en especial aos directores das agrupacións Julio Cabo, e Fernando Briones .

En segundo lugar, quero salientar o gran traballo que ven desenvolvendo o Claustro de Profesores, e a súa implicación en todas as actividades organizadas. Froito disto é a gran cantidade de alumnos/as que aproban as probas de acceso aos distintos conservatorios superiores tanto nacionais como doutros países.

En terceiro lugar, quero dar as grazas a todos os membros da comunidade educativa que dalgunha maneira colaborastes nos proxectos realizados neste curso, e participastes na elaboración desta décima edición da revista *A LA LÁ*, e, en especial, aos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e en especial a súa coordinadora Uxía Vilar, a ANPA Mifasol, a todos os directores das agrupacións, aos distintos coordinadores do Centro e a todos os membros do Equipo Directivo.

Jesús López Prado



O CORO DO CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA E... “NO BICO UN CANTAR”

Julia M^a Dopico Vale, profesora de linguaxe musical do Conservatorio Profesional de Música da Coruña

*No mar pola arela
mireina pasar
na frente una estrela
no bico un cantar...*


Presento nestas xenerosas páxinas de **ALALÁ** o meu artigo publicado en “Galicia Ártabra Digital”, “Diario de Ferrol” e “Galicia Digital” en relación coa celebración do marabilloso encontro musical “No Bico un Cantar” que viviu no curso 2017-2018 a súa VI edición. Unha edición na que por



primeira vez participa o alumnado de NEE (Necesidades Educativas Especiais) tras a súa acertada integración no Coro Infantil do CMUS Profesional da Coruña dirixido polo profesor Antonio Facal.

ALA LÁ

Destaco particularmente este aspecto por ser este proxecto, o de atención ao alumnado de NEE, único en Galicia e algo posible grazas á perseveranza do director do centro, Jesús López que



sigue velando pola súa permanencia xunto a súa coordinadora actual Isabel Gómez e todos os profesores que participan do mesmo. Durante dous cursos consecutivos puiden compartir a experiencia de impartir clase de linguaxe musical e educación auditiva e vocal ao alumnado de NEE, algo grandemente enriquecedor humana e afectivamente e penso que tamén



eficazmente xa que con todo o traballo que require fomos explorando novas e diversas prácticas que cristalizan na participación como dicía antes destes alumnos en “No bico un cantar” e antes nos *Encontros de Atención á Diversidade*, no concerto *Arte pola Igualdade* celebrado no Teatro Colón



da Coruña e no Concerto no Palacio da Ópera con motivo do *75º Aniversario do Conservatorio da Coruña* no que, dirixidos polo profesor Fernando Briones interpretaron a “Suite Disney” con arranxos de Hugo Paradela. Vivencias valiosísimas para eles, que descubren asombrados un mundo

A LA LÁ



novo e para os seus pais e familias. Vivencias compartidas con entusiasmo e ilusión por todos os que podemos ser testemuñas da integración real destes alumnos no entorno educativo a través da maxia da música.



Parabéns Laura, Eva, Lucía, Ángeles, Inés, os dous Mateos e Antonio!

Isto estivo... moi ben!!!

NO BICO UN CANTAR

No Bico un Cantar é un certame musical que se celebra desde hai seis anos cada primeiro venres de xuño e no que participa o alumnado dos Conservatorios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e



Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia grazas á iniciativa do Consello da Cultura Galega e da Secretaría de Cultura da Xunta, elixíndose para cada ocasión unha temática e un lugar.

Esta vez foi Betanzos, a cidade cuxa fundación atribúese ao caudillo celta Breogán e concretamente na Igrexa de San Francisco, unha xoia do gótico construída no S. XIV baixo o mecenado dos Andrade.

Á orde de 500 alumnos aos que se sumaron os do Conservatorio de Culleredo, Betanzos, Escola Municipal da Coruña e Coro *Cantábile* foron os auténticos protagonistas da inesquecible xornada na que se traslada aos intérpretes a paixón pola nosa música e poesía.

A temática xirou en torno ao *Alalá*, o canto secular que nos transporta a tempos lonxanos, unha “*oración de harmonías*” que mantén vivo o lume sagrado da alma galega, soando tras a

obertura instrumental do magnífico “*Quinteto de Metais Hércules Brass*” os populares *Alalás de Muxía, Camariñas e As Mariñas*, para continuar cunha estrea absoluta, o *Alalá á vella Maneira*, sobre un fermoso poema de Manuel Rivas: “*Eu non sabía que había/ tanta alegría nas bágoas/ nin neve nas vidueiras/ nin esperanza nas mágoas...*”. Os arranxos do Mestre Juan Durán, xenial compositor e a experta batuta de M. Zumalave fixeron deste un concerto inesquecible, que concluíu exitosamente coa interpretación do tema que se converteu nun “*clásico*” do certame, *Maio Longo*, impregnado de melancólica tenrura.

Ferrol súmase a este éxito e persoal e excepcionalmente ao dos meus alumnos de necesidades educativas especiais, que por primeira vez participan neste encontro. A todos... parabéns!!



A LA LÁ

RUEIRO MUSICAL DA CORUÑA

**Margarita Viso Soto, pianista
acompañante do Conservatorio
Profesional de Música da Coruña**

INTRODUCCIÓN

Na cidade da Coruña existen diversas rúas e inscricións públicas co nome de persoeiros e colectividades que tiveron e teñen gran importancia na historia da nosa música. Este rueiro musical é un convite a todos os que teñades espírito de detective para tratar de atopar as rúas, placas e monumentos que aquí se mencionan con breve explicación dos homenaxeados. Tentei ser exhaustiva e poñer todas as que hai. Non sei se o conseguín. Se alguén atopa algunha rúa, placa ou monumento conmemorando algunha persoa ou efeméride musical, que o faga saber á nosa comunidade, para meirande coñecemento da nosa historia musical.



Alcalde Canuto Berea (Canuto Berea Rodríguez; A Coruña 28-VI-1836; 24-II-1891). Violinista, pianista, profesor, director, empresario e editor. Da saga

musical dos Berea, foi o máis destacado deles. O seu almacén de música que funcionou na Coruña ata 1985 por medio dos seus sucesores, Puig e Ramos, contiña unha gran cantidade de partituras que hoxe en día se atopan no “Arquivo Canuto Berea” da Deputación da Coruña, sito no Teatro Rosalía Castro. Foi director da orquestra deste teatro. Escribiu obras de diversos xéneros, entre elas, zarzuelas. Destaca a muiñeira *La Alfonsina* que segue sendo moi popular e que foi interpretada por primeira vez nos Xogos Florais de 1861 pola orquestra no teatro.

As súas edicións musicas de obras de Adalid, Montes, Chané, Baldomir, Lens, etc. foron moi significativas no Rexurdimento Musical de Galicia.

Cidadán moi relevante, ocupou moitos cargos. Entre outros o de presidente do Circo de Artesáns (“Reunión, Recreativa e Instructiva de Artesanos”) onde xa de neno formara parte, como violín, da súa orquestra cando se fundara o Circo en 1847. Así mesmo foi alcalde da cidade.

A súa rúa é perpendicular á rúa Real, onde estaba situado o almacén de música.





Andrés Gaos (Andrés Gaos Berea; A Coruña, 21-III-1874; Mar del Plata, 15-III-1959). Violinista, director e compositor. Estudiu en Madrid, París e Bruxelas. Realizou xiras por Europa e despois se embarca para Cuba, establecéndose finalmente en Bos Aires onde compatibiliza as súas clase como profesor cas súas xiras por toda América. Retírase dos concertos en 1933. Representa á Arxentina na Exposición Universal de París en 1937. Como compositor deixou varias obras notables entre as que destacan unha *Sonata para violín e piano op. 37*, os *Aires Gallegos* e *Nuevos Aires Gallegos* para piano, a sinfonía *En las montañas de Galicia*. Estas últimas inspiradas en temas do noso folclore. Tamén é moi celebrada a súa peza *Rosa de Abril* inspirada no texto homónimo de Rosalía.

A súa rúa está no barrio da Agra do Orzán. A placa da súa casa natal está no Orzán.

A LA LÁ



Castro Chané (José M^a Castro González; Santiago, 18-I-1856; La Habana 24-I-1917). Director, compositor e guitarrista. De familia de músicos, reside nos seus primeiros anos en Santiago e logo pasa á Coruña onde vivirá. Dirixiu varios orfeóns (“Orfeón Brigantino”, “Hijas de María”) obtendo importantes éxitos con “El Eco”. Na Coruña foi profesor na Escola de Belas Artes de Solfexo Aplicado ao Conxunto de Masas Corais. A súa fama chega ata Cuba dende onde o reclaman para o Centro Galego. Marcha a Cuba a finais de 1893 onde desenvolve –igual que na Coruña– unha gran actividade cultural e musical. Amigo de Curros Enríquez, escribe a música para os seus poemas *Cantiga*, *Os teus ollos*, *Un adiós a Mariquiña* e *Tangaraños*. Tamén era amigo de Alfredo Fernández “Nan de Allariz” quen escribe a letra para a marcha *Ei! galegos adiante*, composta para a colocación da primeira pedra do novo pazo do Centro Galego de La Habana o 8 de decembro de 1907. En Cuba pertenceu á comisión xestora para a creación da Real Academia Galega.



En Cuba tamén dirixe diversos coros como “Ecos de Galicia”, “Cantores Celtas” e un coro exclusivamente feminino.

Soamente volveu a Coruña en dúas ocasións: para dirixir un festival de música galega en 1907 e para acompañar ao cadaleito de Curros en 1908. Despois de morto, o seu cadáver foi repatriado á Coruña.

A súa rúa está na zona de Catro Camiños.



Conservatorio (Conservatorio de A Coruña, 1942). O noso conservatorio naceu no seo da “Sociedad Filarmónica” sobre o ano 1935. No ano 1942 é cando adquiren oficialidade os estudos nel impartidos dependendo nese aspecto do Ministerio de Educación. No 1989 pasa a depender da Xunta de Galicia.

Esta praza, para poñelo difícil, non digo onde está.

A LA LÁ



Coral El Eco (A Coruña 1881). Fundada por Pascual Veiga como Orfeón xa que naquela época só os homes formaban parte das agrupacións corais. É a coral máis antiga de España. Entre os seus directores hai que mencionar a Chané, Baldomir, Farto, Luis de Bernardi, Eugenio Barrero, Fernández Amor, González de Velasco Francisco Méndez, Rodrigo A. de Santiago, Rogelio Groba, Gumersindo Lago, Fernando V. Arias, Marcel van Bree, Alejo Sanchís e, actualmente, Pedro Martínez Tapia.

Promoveu a celebración -26-x-17- do I Encontro de polifonía galega “Pascual Veiga”.

Esta escaleira está detrás do concello.





Coro Cántigas da Terra (A Coruña 1916). Créase, como outros coros galegos da época, a imitación do coro “Aires de Terra”, que tiña como distintivo interpretar exclusivamente música do noso folclore a capella ou con acompañamento dos instrumentos tradicionais. Tamén contaba con corpo de baile e sección de declamación coas que representaban obras de teatro galego, como seguen facendo na actualidade. Leandro Carré, amigo de Farto, colaborou en moitas obras escribindo os libretos. O primeiro director foi Maurio Farto, sendo tamén directores destacables Manuel Fernández Amor e Adolfo Anta a quen lle tocaron os tempos difíciles da ditadura. Tamén foron directores Edilberto Suárez Pedreira e Julio Ortega. O director actual é César Concheiro. O arquivo deste coro conta cun dos fondos máis completos da súa clase, que inclúe importantes coleccións de partituras, obras de teatro, instrumentos e escenografías.

Esta praza está na zona da Torre. A placa está no Teatro Rosalía.



Gaiteiro Leonardo Corral Vázquez (Leonardo Corral Vázquez. Recelle, Portomarín 28-VIII-1919; Morás, Arteixo, 27-VIII-1997). Chegou á Coruña o ano 51. Tocou con “Cántigas da Terra”, viaxando con eles a Barcelona. Foi o creador do grupo “Os Catro de Galicia” nomeado así porque, nun principio era un de cada provincia, logo rebautizado como “Os cinco de Galicia”. Tocou co gaiteiro Cardelle facendo grupo cos seus respectivos fillos na percusión. Traballaba tamén co grupo de “O’Xestal” co que gravou por primeira vez (1968) a *Marcha Solene do Antigo Reino de Galicia* que atopara O Xestal na catedral de Lugo.

Tocaba moito nas festas da contorna da Mariña coruñesa e ás veces tiña que partillar o grupo en tres para atender toda a demanda que tiña.

Esta placa está na praza Padre Rubinos, zona dos Mallos.



A LA LÁ



ca Agrupación Albéniz, a primeira versión da habanera *Qué más se puede pedir que vivir en La Coruña?*, letra de Antonio Gundín e música de Enrique Iglesias. Javier Fonte é autor de varias obras como o *Himno do Liceo de Hockey* (letra e música), o *Himno do Chaston* e a *Foliada da Cidade Vella* (letra e música).

A súa rúa está na zona da Torre e o monumento, nos xardíns da Maestranza.



Javier Fonte (Javier Fonte Gundín; A Coruña, 18-V-1940; 11-XI-1995). Barítono. Alumno de María Luisa Nache, foi o barítono solista da estrea no 1972 da cantata *Nova Galicia* de Rogelio Groba. Baixo a súa dirección interpretou tamén a *Carmina Burana*. Foi solista e bailarín solista en “Cántigas da Terra”. Tamén foi director deste coro. Gravou con “Cántigas da Terra” *Un adiós a Mariquiña*. Tamén gravou en disco, xunta José Luis Abad,



John Lennon (John Winston Lennon; Liverpool, 9-X-1940; Nova York, 8-XII- 1980). Cantante e compositor. Un dos membros fundadores de “The Beatles”, o grupo máis exitoso comercialmente da música pop. Despois efectuou carreira en solitario. Xunto a súa esposa, Yoko Ono, foi activista pola paz. Foi asasinado.

Esta estatua está no centro.





José Baldomir (José Baldomir Rodríguez; A Coruña 26-XI-1865; 1-II-1947). Compositor, director e pianista. Discípulo de Marcial del Adalid Gurrea e de Marcial de Torres Adalid. Foi director do “Orfeón Brigantino”, das “Hijas de María”. O terceiro director de “El Eco” despois de Veiga e Chané. Membro moi activo das “Irmandades da Fala de A Coruña”, escribiu en colaboración con Ramón Cabanillas a ópera *A Virxe do cristal* baseada na lenda de Curros Enríquez que non se chegou a representar. A que si se estreou no Teatro de la Zarzuela foi *Santos e Meigas*, zarzuela con letra de Manuel Linares Astray (1908), obtendo notable éxito. Pero o que máis fama lle deu ao longo dos anos foron as súas cancións, moitas escritas sobre texto de Rosalía como *Mayo longo* e publicadas por Canuto Berea. *Meus Amores* con letra de Salvador Golpe sería universalmente famosa. Foi profesor na Escola de Belas Artes.

A súa rúa está no barrio da Agra do Orzán e a placa informativa (o ano de nacemento que nela figura está equivocado) na propia rúa.



Juan Montes (Juan Montes Capón; Lugo 13-IV-1840; 24-VI-1899). Compositor, pianista e director. Estudou no Seminario de Lugo aínda que abandonou os estudos eclesiásticos para adicarse só á música. Parece que foi discípulo do organista da catedral, Isidoro Blanco, a quen ás veces substitúe. Será pianista no “Círculo de las Artes de Lugo” e tamén do “Casino de Caballeros”. Tamén tiña o “Sexteto Montes” para estes fins. En 1876 O Concello de Lugo encárgalle a creación dunha banda municipal da que será director ata 1884. No 1878 crea a “Estudiantina lucense” composta por un coro e un grupo instrumental. Esta agrupación durou só un ano pero deixaría a semente para a creación do “Orfeón lucense”, orfeón que acadará numerosos éxitos. Este orfeón pasará a denominarse “Orfeón Gallego” en 1887. Montes exerceu de mestre ao longo de toda a súa vida, non só

dirixindo o coro da Schola Cantorum do Seminario senón tamén formando músicos e cantores. Anotaba cantos do folclore que escoitaba e que acabaron engrosando o *Cancionero Musical de Galicia* de Casto Sampedro y Folgar. Morreu repentinamente o día do seu santo en 1899. É autor de diversas obras relixiosas e tamén para banda, piano, canto, etc. É o autor de *Negra Sombra* que, sobre poema de Rosalía Castro e publicada por Canuto Berea, converteríase en peza emblemática da nosa música.

A súa rúa está na zona da Merced.



Maestro Anta (Adolfo Anta Seoane; A Coruña 18-IV-1900; 22-II-1978). Investigador, director de corais, compositor. De noviño estivo na banda de Castropol que chegou a dirixir, e despois na banda do “Reximento de Infantería Isabel la Católica”. Dirixiu “Cántigas da Terra”, a coral de Sada, “Brétemas e Raiolas”, a agrupación “Aturuxo” a coral da “Fábrica de Tabacos”. Fixo moito labor de difusión da música dos nosos devanceiros e da

súa historia, tamén recompilou folclore que harmonizaba para as corais. Compuxo diversas escenas corais como *A foliada*, *Brétemas e raiolas*, *A romaría* e *A sega*. Académico da Real Academia de Belas Artes, foi o instaurador do premio Marcial del Adalid. Defensor da nosa música nos momentos máis difíciles, contan as crónicas que nos anos 50 e, tras finalizar unha cea de gala ofrecida a Franco, este saíu ao balcón principal do pazo de María Pita. Na praza se celebraba un concerto de música nomeada naqueles tempos “regional” e Anta subiu ao balcón de autoridades a pedirlle a Franco permiso para interpretar o *Himno galego*, diante da sorpresa dos militares e convidados que rodeaban a Franco, quen lle autorizou a interpretación.

A súa rúa está na zona do Millenium.





Maestro Clavé (José Anselmo Clavé y Camps; Barcelona, 21-IV-1824; 25-II-1874). Director, compositor, poeta e político. Colaborou na creación do primeiro periódico comunista, “La Fraternidad”.

Actuaba como músico nos cafés de Barcelona e, como era moi popular, foi chamado para dirixir un grupo de música, “La Aurora”. Como o grupo era moi heteroxéneo no relativo aos instrumentos, Clavé optou por facelos cantar a todos e creou a coral, “La Fraternidad” (1850), primeira en España. Con esta coral, Clavé propúxose achegar a música e a cultura á clase traballadora. Tamén fundou a “Sociedad Coral Euterpe” e a publicación periódica “Eco de Euterpe”.

Foi arrestado en diversos momentos da súa vida a causa das súas actividades a favor da clase traballadora.

Polo seu exemplo se crearon moitas corais en toda España convertendo o canto coral nunha actividade propia das clases traballadoras. O movemento orfeónico de Galicia non é alleo a esta influencia, de aí a dedicatoria dunha rúa na nosa cidade.

Esta escaleira está na zona de Juan Flórez.

A LA LÁ



Marcial del Adalid (Marcial del Adalid y Gurrea; A Coruña, 24-VIII-1826; Lóngora, Liáns, Oleiros, 16-X-1881). Compositor e pianista. Foi discípulo de Moscheles en Londres. Escribiu moitas obras de piano de estilo romántico. A composición da súa zarzuela *Pedro Madruga* veuse interrompida polo falecemento do libretista Fernando Fulgosio. Máis adiante, en colaboración con Achilles de Lauzières convertíriaa na ópera *Inés e Bianca*. Esta ópera desenvólvese en Galicia e ten a Pedro Madruga tamén como protagonista, usando motivos do noso folclore. Escribiu moitas cancións para voz e piano en diversas linguas, ata que compón *Cantares Viejos y Nuevos de Galicia* nos que alterna –sempre en galego– cancións da súa creación con harmonizacións de temas populares. Compuxo a *Marcha Triunfal Galicia* para orquestra, posiblemente o primeiro intento histórico de escribir o himno de Galicia. É o precursor do nacionalismo musical galego.

A súa rúa está na zona da praza de Vigo.



Mauricio Farto Parra (Santibáñez de Valcorba, Valladolid, 21-IX-1867; A Coruña 23-IV-1947). Director e compositor. Despois de escoitar a “Banda del Regimiento de Zamora nº 8” (que tiña a súa base na Coruña e sempre interpretaba música galega), decide ir á Coruña e ingresar nesa banda onde é alumno do seu director, José Braña Muíño. Esta banda estrea a súa primeira obra, *Froleos*, sobre temas populares, na Coruña. Farto funda a rondalla “Blanco y Negro”. Foi director de “El Eco” e crea o coro “Cántigas da Terra”. Recolleu moito folclore que logo harmonizaba para o coro, como por exemplo a celeberrima *O quer que lle quer*. Despois de “Cántigas da Terra” funda o coro “Queixumes dos pinos” e posteriormente o coro “Saudade”. Xunto co seu amigo Leandro Carré Alvarellos é o creador do xénero da estampa galega, sendo a primicia as *Tres estampas galegas* (interpretada polo coro e a banda do noso conservatorio no 2016 no Auditorio de Galicia e despois no noso centro). O coro “Saudade” foi o que a estreou en 1924.

A súa rúa está na zona da Torre.



Miguel Fleta (Miguel Burro Fleta; Albalate del Cinca, Huesca, 1-XII-1897; A Coruña, 29-V-1938). Un dos meirandes tenores do século XX. De orixe humilde, de neno traballou de pastor. Estudou no Conservatorio de Barcelona e enseguida se consagrou a nivel mundial cantando no Teatro Real de Madrid, no Colón de Bos Aires, no Metropolitan de Nova York e na Scala de Milán. Neste teatro estreou *Turandot* de Puccini, cantando o rol de Calaf, baixo a dirección de Toscanini. Estivo vinculado a José Antonio Primo de Rivera. Na Coruña, onde morreu, realizou as súas derradeiras actuacións en *Carmen*.

Esta placa está na praza de Ourense.





Mozart (Wolfgang Amadeus Mozart; Salzburgo, Austria 27-I-1756; Viena, 5-XII-1791). Compositor e pianista. Autor de numerosas obras orquestrais, de cámara, concertos, relixiosas (el era católico) e diversas óperas entre as que destacan *Le nozze di Figaro* e *Don Giovanni* con libreto de da Ponte. É un dos compositores máis importantes de todos os tempos.

A súa rúa está no Birloque.



Padre Rosendo Salvado (Fray Rosendo Salvado y Rotea: Tui, Pontevedra, 2-III-1814; Roma, 29- XII-1900). Misionero beneditino. Organista e pianista. Aproveitou a súa importante faceta musical para recadar fondos para a súa misión en Australia ofrecendo concertos. Fixo unha gran labor cos aborixes australianos a quen ademais ensinaba música e chegou a formar con eles unha orquestra. Escribiu varias obras de virtuosismo para o piano e algunhas obras relixiosas para coro e órgano. Para defender aos aborixes dos abusos dos europeos solicitou a Inglaterra ser declarado aborixe.

A súa rúa está en Monte Alto.

A LA LÁ



Pascual Veiga (Pascual Veiga Iglesias: Mondoñedo, 9-IV-1842; Madrid, 12-VII-1906). Director de orfeóns, compositor e organista. Foi organista da Colexiata da Coruña onde organizou tamén unha orquestra. Foi o impulsor do importantísimo movemento orfeónico de Galicia que inicia en 1865 na Sección de música da sociedade “Fraternidad Juvenil”, seguirá co “Orfeón Brigantino” (que estrenará a célebre *Alborada* en Pontevedra no 1880), co “Orfeón coruñés”, co “Nuevo Orfeón” (que será “El Eco” en 1882), e co “Orfeón Coruñés nº 4” (porque era o cuarto que creaba na Coruña). Con este último consegue o primeiro premio e a medalla de ouro do concurso da Exposición Universal de París de 1889 (onde se inaugura a torre Eiffel).

Foi profesor de Solfexo na Escola de Belas Artes (hoxe Escola Pablo Picasso). Logo trasladouse a Madrid en 1896 onde foi profesor do Conservatorio Nacional. En Madrid dirixía o “Orfeón Matritense” e o “Orfeón do Centro Galego”.

Escribiu, entre outras obras, varias cantatas e escenas corais (*Os ártabros*;



Gallegos ¡A Nosa Terra!). É o autor da música do *Himno Galego*.

A súa rúa está no barrio da Agra do Orzán.



Pucho Boedo (José “Pucho” Boedo Núñez; A Coruña 4-I-1929; A Coruña 28-I-1986). Cantante. Comezou a cantar en “Radio Juventud” da Coruña, tamén na orquestra “Eslava” e logo na orquestra “Oriente”. Foi fichado pola orquestra “Los Trovadores”, despois tamén cantou con “Los Satélites” viaxando con eles a Venezuela. Volveu para actuar novamente con “Los Trovadores” cos que gravou os seus primeiros discos. Pero sería con “Los Tamara” de Prudencio Romo cos que acadaría

A LA LÁ

meirande popularidade, actuando no Olimpia de París e compartindo escenario con Charles Aznavour e Jacques Brel.



A súa voz transmitía non sei que emoción particular que o fixo moi popular e querido. Con Pucho Boedo a canción galega protagonizou un rexurdir en anos moi difíciles, cantando os poemas de Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Pondal e Rosalía Castro que musicaba Prudencio Romo.

As súas estatua e placa están no Ventorrillo, e o monumento conmemorativo na praza de Azcárraga.





A LA LÁ

Rodrigo A. de Santiago (Rodrigo Alfredo de Santiago Majo; Director e compositor: Baracaldo, Vizcaya, 23-IX-1907; A Coruña, 30-IX-1985). Director e compositor. Estudou en Bilbao con Rafael Navarro, violín, e Jesús Guridi, harmonía. Foi director de banda en Munguía, Vizcaya; Valencia de don Juan, León, da “Banda Municipal da Coruña” (1947-1967) e en Madrid. Na Coruña tamén dirixiu a “Orquestra Municipal” e a coral “El Eco”. Foi profesor de harmonía e composición do noso conservatorio e subdirector do mesmo. Deixou escritos musicais e diversas obras, tanto para banda como sinfónicas ou sinfónico corales. Escribiu a zarzuela *La Noche de San Juan* con libreto de Iglesias de Souza que se estreou no Teatro Rosalía o 8-IX-1951.

A súa rúa está no Ventorrillo.

algunha honrosa excepción, con músicos galegos. Tivo como directores titulares a Sabas Calvillo, Víctor Pablo Pérez, e, actualmente, Dima Slobodeniouk.

Esta rúa é perpendicular a Juan Flórez. Cambiáronlle o nome que tiña anteriormente que era Cabo Santiago Gómez por mor da “debida restauración da memoria histórica”. Non obstante (se ve que o da memoria histórica é relativo) o nome orixinal da rúa, anterior ao devandito Cabo, era Antonio Lens, que foi alcalde, creador da “Cociña Económica” e irmán de Enrique Lens Viera (importante pianista e compositor, autor de obras galegas para piano e canto e piano).



Sinfónica de Galicia (Orquestra Sinfónica de Galicia –OSG– A Coruña 1992). Creada e financiada polo Concello de A Coruña. Non conta, salvo

Sta. Cecilia (Cecilia de Roma; Data de nacemento descoñecida, Morreu o 22 de novembro dun ano entre o 180 e o 350). Foi unha nobre romana convertida ao cristianismo e martirizada pola súa fe. Foi canonizada como santa polo papa Gregorio XIII en 1594. É venerada na Igrexa ortodoxa e na católica. Na Igrexa católica é a



A LA LÁ

patroa da música, dos poetas e dos cegos (xunta Sta. Lucía). Os seus atributos son o órgano, o laude, as partituras e as rosas.

A súa rúa está na Torre.



Trompeta. Como todos sabemos, é un instrumento de vento metal. Ignoro o motivo de nomear así a esta rúa, que de seguro ten unha explicación moi antiga e interesante.

Esta rúa está na zona da praza do Humor.



Varela Silvari (José María Varela Silvari: A Coruña, 1-II-1848; Madrid 10-V-1920). Pianista, director, compositor e periodista. Autor de moitas obras, tanto vocais, como de piano, de cámara

e zarzuelas. Tiña relacións con Portugal e con Suíza, onde tivo diversas distincións. A súa produción como periodista musical é moi numerosa en diversos periódicos de Madrid e Barcelona. Fundou na Coruña o semanario “El Eco Musical” en 1877 e en Madrid o “Boletín Musical”. Publica tamén diversos libros entre os que se poden citar *Historia de la Música portuguesa* (Santiago 1875) ou a *Historia de la Música en Galicia: Galería biográfica de músicos gallegos* (A Coruña 1883).

A súa rúa está detrás do concello.

Fontes

Gran Enciclopedia Galega. Silverio Cañada, Editor. Santiago-Gijón. 1974.

Wikipedia. Enciclopedia libre.

CORA, Xosé e PARDO de NEYRA, Xulio: Pascual Veiga. Consellería de Cultura. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1996.

LASTRA MAGADÁN, Teresa: Xoán Montes. Biografía. El Progreso. Lugo 2002

GÓMEZ ECHEMENDIA, Sixto e CANCELA MONTES, Alberto: Chané. O nacemento da Música Popular Galega. aCentral Folque. Santiago de Compostela. 2017.

Investigacións propias.

Agradezo a Nano Ruibal e M^a Carmen Pampín Maquieira os datos que tan amabelmente me proporcionaron sobre Javier Fonte. Así mesmo a Raúl Galego García e a Marina Castro os datos aportados sobre Leonardo Corral Vázquez.



A LA LÁ

V FESTIVAL DE BANDAS 2018

Raúl Galán Cerveró e Julio Cabo Messeguer, directores das bandas Xuvenil e Sinfónica do Conservatorio Profesional de Música da Coruña



O pasado domingo 13 de maio, celebrouse nos xardíns do conservatorio o V Festival de Bandas, enmarcado nos actos da celebración do día das Letras Galegas. Neste concerto, participaron as tres bandas do Centro: a Banda Infantil – Dir. César Núñez, a Banda Xuvenil – Dir. Raúl Galán e a Banda Sinfónica – Dir. Julio Cabo.

O encargado da presentación deste acto foi o profesor Carlos Soto en representación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

O repertorio que se interpretou foi maiormente de autores galegos. Nesta ocasión a Banda Xuvenil interpretou a obra *A batalla de Elviña* (obra obrigada no certame de bandas de Galicia) do compositor e exalumno do centro, actualmente director da banda de Zamora, Manuel Alejandro López Pérez o cal tivo a amabilidade de asistir ao concerto.



Este festival vai consolidándose ano a ano nunha tradición na comunidade educativa do conservatorio, no que se conta coa colaboración do ANPA na organización, agasallando aos alumnos con distintos produtos das tendas comerciais que patrocinan o acto.



O concerto das Letras Galegas que se celebra nos xardíns do conservatorio, e ao que tamén acoden moitos veciños do barrio ao escoitar as bandas, é o de maior afluencia de público de todo o curso, xuntando máis de 700 persoas.

Foi un gran día de convivencia entre os alumnos das diferentes bandas, pais e público que puideron gozar coas obras que se interpretaron no Festival.



BERNARDO FREIRE: “A FORXA DUN MÚSICO DE CEDEIRA EN URUGUAI”

Julia M^a Dopico Vale, profesora de linguaxe musical do Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Pouco documentada e menos coñecida é a vida e obra do músico de Cedeira **Bernardo Freire** ao que hoxe nos aproximamos grazas á documentación que un día facilitou o seu sobriño, Francisco Freire e López de la Ballina, depositario do legado musical e vivencial do Mestre. Nin na “Casa de Galicia”, nin no “Centro Gallego de Montevideo” (que recollen a actividade social e cultural de tantos galegos no país) teñen novas ou constancia da importante actividade que o músico, director e compositor galego do S.XX levou a cabo en Urugay onde emigra e leva a cabo a súa inxente labor artística. Galicia non se pode permitir este “luxo de esquecementos”, sendo inminente a necesidade de volver e devolver o prestixio dos músicos que nos precederon e dos que podemos citar amplos exemplos: José Arriola (hoxe situado como un dos grandes compositores do S.XX cuxa obra foi recuperada por “O Consello da Cultura Galega” e gravada pola “Real Filharmonía de Galicia” dirixida polo Mestre Maximino Zumalave), Carmen Osorio, Jesús Dopico, Juan José Castro

(pai e fillo) e tantos nomes que constitúen a nosa propia historia e a cultura que nos define e identifica. Desta maneira engadimos o nome do Mestre Bernardo Freire ás páxinas da nosa propia entidade.

Bernardo Freire López

Nado en Cedeira o 21 de xullo de 1894 (como reza a súa partida de nacemento), fillo de Amando Freire Suanzes e Rosa López Ballina, oriúndos ambos do mesmo lugar, que era por aquel entón unha Vila dinámica, activa e próspera, cun censo de habitantes que supera ao actual. Neste contexto de expansión económica e demográfica xorde o gusto e a afección pola música popular, reflexada na formación de “bandas” que Jesús Quintana (memoria viva desta realidade) describe:

Existía a “Banda Vella”, creada en 1898 e dirixida polo entón boticario Gerardo Villabril Abella e despois xorde a “Banda Nova” a cuxo fronte estaba Leonardo Bouza, “disidente” da anterior e protexido do cura. Ambas agrupacións compiten intensa e apaixonadamente, algo que incrementa o interese popular e tamén (hai que dicilo) o entusiasmo musical. Unha rivalidade da que “O Sabino” – José Muíño García-, poeta popular daquel tempo, deixa constancia nos seus versos: “... A banda vella pillou outro ritmo/ambas tiñan músicos expertos/ pillou o mando Manolo Lourido/

empezaron as xaneiras nos concertos...”.



Cedra, 1910. Banda Vieja. Bernardo Freire a la derecha con chaqueta clara

Neste ambiente social e tamén no entorno familiar (eran once irmáns e todos recibiron formación musical) nace a vocación de Bernardo Freire. As primeiras clases recíbeas do boticario, Gerardo Villabrille Abella que ensinaba solfexo xunto a Juan Quintana Suárez aos novos da Vila e as aldeas próximas que acudían camiñando ou en bicicleta para aprender e ensaiar coas mencionadas bandas co fin de lucir os seus mellores repertorios nas festas do verán. Despois instruírse en Ferrol, co organista da Concatedral de San Julián, D. José Bretóns.

Xorde en Galicia o fenómeno e a necesidade migratoria. Nenos, mozos...

buscan en América (a terra prometida), un mellor porvir, un futuro de prosperidade. En 1.950 Uruguai presentábase como o centro político e cultural máis importante de Iberoamérica, verdadeiro foco da vida artística e intelectual. Montevideo, a capital, situada a orlas do Río da Plata, a máis nova de América Latina, promete prosperidade económica e reforma social baixo a figura de José Battle y Ordóñez. Alí instálase Bernardo Freire para seguir a súa formación musical. Primeiro no hoxe desaparecido “Instituto Verdi”, onde aprende harmonía, contrapunto e composición, co mestre Luis Sambuceti, actuando paralelamente como frautista en distintas orquestras co fin de poder sufragar os seus propios estudos.

Constancia e talento acompañanlle e pronto pasará de alumno a profesor no citado Instituto. Logra a praza de profesor de frauta na “Escuela Municipal de Música de Montevideo”, formando a futuras xeracións que se integrarán nas agrupacións da capital e segue coa súa carreira de intérprete: Primeiro frautista na “Banda Municipal” e posteriormente na incipiente “Ossodre” (Orquestra Sinfónica do Servicio Oficial de Difusión Radio Eléctrica) fundada en 1.931, unha das orquestras máis importantes de Iberoamérica e a máis antiga. O Mestre Freire toca en ambas formacións antes de pasar á dirección orquestral. Primeiro, subdirector da “Banda



Municipal de Montevideo” e despois flamante director, nova da que se fai eco o “Ideal Gallego”: “De Montevideo llega una noticia que ha de llenar de satisfacción a los gallegos, siempre tan pendientes de lo que ocurre en los países hispanoamericanos.... Don Bernardo Freire López acaba de ser designado nuevo director de la Banda Municipal de la capital uruguaya... Su carrera musical ha sido brillantísima y plagada de éxitos, reconocidos ahora con su reciente nombramiento para puesto tan destacado en su profesión”. Desde este posto realizará un encomiable traballo seleccionando programas de alta calidade, instrumentando partituras clásicas e difundindo a música contemporánea. Máis adiante o seu nome inscríbese na nómina de grandes batutas que conducen á “Ossodre” como as de Villa-Lobos, Kleiber, Copland, Stravinsky... Baseándonos nos programas existentes, Freire dirixirá esta orquestra a lo menos tres veces, unha delas co violinista Isaac Stern tras o seu debut no “Carnegie Hall” en 1937 co Concerto para violín e orquestra en Sol Maior de Mozart e o Concerto en Re menor Op. 61 de Beethoven, o único que o compositor universal escribiu para este instrumento e considerado durante moito tempo como “intocable”. A crítica de Montevideo mostra o seguinte xuízo: “El conductor Freire López merece más oportunidades que una actuación

esporádica...no sobran directores en nuestro país- ni en ninguna parte- que mantengan la actuación de este músico serio, competente y valioso”.

Así fiase a actividade e virtude do Mestre Freire nun feito sen precedentes algo ao que hai que sumar a súa labor como compositor e que chega as miñas mans manuscrita e inédita, en experiencia apaixonante, descubriendo nela unha música de gran factura.

A obra compositiva do maestro Freire.

A “SINFONÍA CLIMÁTICA”

Obra sinfónica para orquestra de creación incidental, baseada na diversidade climática que presenta o continente americano. Desenvólvese en tres movementos baseados en tres climas musicais:

O primeiro movemento en dous “tempos”: “Lento” e “Allegro non troppo”, correspóndese ao clima de América do Norte; o segundo, “Andante Tranquilo- como un ensueño”- ao clima de América Central, o Caribe, transportándonos as súas temperaturas cálidas con ritmos irregulares, harmónicos na arpa e sordina nos violíns; e o terceiro, “Allegro con brío”, correspóndese ao clima da Cordilleira Andina, cos seus misteriosos rituais e introducindo na

plantilla orquestral unha inusual “quena”.

Alberti...Sueños de liberdade que a levarán- dados os acontecementos políticos e sociais destas décadas en



Auditorium de la ONSOCE. dirixendo el maestro Freire a la orquesta.

LA OBERTURA PARA FUENTEOVEJUNA

O 22 de xaneiro de 1955 no “Parque Rivera” de Montevideo prodúcese un feito singular: a posta en escena da obra teatral “Fuenteovejuna”, do “Fénix de los ingenios”, Lope de Vega, interpretada pola recién creada “Comedia Nacional” dirixida pola célebre Margarita Xirgu, unha lenda consagrada do arte escénico español e americano. A actriz, a pesar de afirmar “no manter nunca intervención política”, tomaba partido nas representacións das súas obras en pro dos oprimidos, xulgando feitos sociais e criticando inxustizas das que era obxecto o pobo. Ela será a “Mariana Pineda” de Lorca, a “Virgen republicana” do “Fermín Galán” de

España- a ausentarse do seu país durante 33 anos, se ben a súa aparición no “Nuevo Mundo” americano foi absolutamente deslumbrante. Ela levou a países sen tradición teatral (México, la Habana, Perú, Colombia, Arxentina...) o restablecemento dos clásicos e a creación do teatro moderno español, obtendo o clamor popular pola súa forza, a súa paixón e a súa transformación na escena. O Teatro Solís, romántica estampa de Montevideo, escenario dos concertos que dirixía o Mestre Freire, era tamén a sede do “teatro-escuela” dirixido por “la Xirgu”, representándose nel traxedias, farsas, sainetes, comedias... A colaboración entre os directores da “Escuela de Arte Dramático” a “Escuela Municipal de Música” e o “Museo



Teatro” era frecuente, polo que non é de estrañar co encargo da música incidental creada para a representación de “Fuenteovejuna”, a obra “máis democrática” de teatro castelán na que a unidade do pobo é a base do triunfo (“quidquid multis peccatur, inultum est”), recaíse en mans do Mestre Freire, como efectivamente foi:

“El Parque Rivera de Montevideo es el marco que presta a la representación de masas la grandeza que exigía el ambiente colectivo de “Fuenteovejuna”, en donde entraba la tropa a caballo, para lo que contaron incluso con la colaboración del ejército. La música de Bernardo Freire completaba la escenografía, sonando sus compases pensados esta vez para el teatro, para la puesta en escena, para la gestualidad y para la danza”.

A estrutura xeral da obra musical é a seguinte:

- I. Obertura
- II. Coral (Al Val de Fenteovejuna)
- III. Canción (Sea bienvenido)
- IV. Danza
- Intervalo-
- V. Escena- Pantomima
- VI. Pastoral
- VII. Idilio
- VIII. Cortexo Real (Marcha)

De todas estas partes, que constitúen a obra completa, chega tan so a “Obertura”, estruturada en tres movementos: o “Andante”, co que

empeza a obra; o “Allegretto”, máis áxil e rítmico, de sonoridades plenas, e o “Lento”, que termina co “tutti” orquestral.

A música desta “Obertura para Fuenteovejuna” soou en vivo e en directo e en estrea absoluta tras a publicación de sendos traballos en “Ferrol Análisis” nunha xira de concertos da Orquestra Joven de la Sinfónica de Galicia dirixida para a ocasión por Andrés Salado que tiveron lugar en abril de 2015: o día 1no “Auditorio de Galicia” de Santiago de Compostela, o día 6, no “Teatro Jofre” de Ferrol organizado pola “Sociedad Filarmónica Ferrolana”, e o día 7 no coruñés “Teatro Rosalía de Castro”. O programa completouse co “Concerto para óboe e orquestra” de Bohuslav Martinu, “Un americano en París” de Gershwin e “Estancias” de Alberto Ginastera. Destes concertos existen testemuñas gravadas, constituíndo a música do Mestre Freire unha interesantísima aportación á par que unha agradable experiencia (como toda boa obra de arte ten que complacer tanto no ámbito intelectual como no sensorial), algo que moi ben podería repetirse, tratando de incluír esta fermosa música nos repertorios orquestrais.

Destas dúas obras, a “Sinfonía Climática” e a “Obertura para Fuenteovejuna”, existen partituras manuscritas, recuperadas do arquivo



do xa mencionado Francisco Freire e López de la Ballina. Pero aínda queda constancia, a través do “Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana”, de máis obra compositiva d Maestre Freire:

Música Sinfónica

- “Intermezzo sinfónico” (1936)
- “Platense” (1937)
- “Cantata para tres” (1946)
- “Sinfonía Concertante Nº 2” (1963)
- “Ancha Castilla” (1964)

Cancións

- “Canción del Sauce Llorón” (1937)

Ex xeral pode decirse que a obra do Mestre Bernardo Freire parte dun concepto romántico ao que suma elementos de plena vixencia contemporánea, dos que é bo coñecedor, creando unha música seria, de elaborada técnica (que el domina), plena, propia do seu tempo e tamén dunha persoal identidade co distingue e diferencia.

Ata aquí chegaron as averiguacións, se ben queda espazo aberto para a súa ampliación. O músico, o compositor, o Mestre Bernardo Freire, sen dúbida merece.



A LA LÁ

CONCERTO DA CORAL POLIFÓNICA FOLLAS NOVAS

Fernando Vázquez Arias, profesor de fundamentos de composición do Conservatorio Profesional de Música da Coruña



O pasado día 8 de xuño de 2018, no auditorio da Fundación Barrie de la Maza da Coruña, tivo lugar o concerto do socio da "Coral Polifónica Follas Novas" dirixido por Fernando V. Arias, no que este ano foron convidados a participar como solistas: Susana Garcia (soprano), Lucía Iglesias (soprano), Irene Zas (mezzo-soprano), Daniel Canosa (tenor), Alejandro Baliñas (baixo), cinco estudantes de canto, alumnos do Conservatorio Profesional de Música da Coruña para estrear dúas obras do compositor Fernando V. Arias.

Para esta ocasión o compositor escribiu unha obra, texto e música, con acompañamento de piano "Dúo para Susana e Lucía", no que describe basicamente aos estudantes de música,

de calquera parte do país, tendo que xustificarse ante a sociedade por decantarse polos estudos de música. Outra das obras estreadas foron "Coruña é unha Serea" (versión coral), e os "Valses Gallegos", compostos orixinalmente para orquestra sinfónica, escoitándose por primeira vez no ano 1994, interpretados pola Orquestra Nacional de Moldovia, no Teatro Nacional da Ópera de Kishinao, baixo a dirección do propio autor. En Novembro do 2017, Fernando V. Arias, realiza unha versión vocal para cuarteto vocal e coro que se estreou conxuntamente cos solistas seleccionados.



O próximo día 24 de xuño, no Auditorio Municipal de Melide, terá lugar a estrea do "Requien por un gaitero" obra escrita tamén por Fernando V. Arias para coro, orquestra de cordas, piano e gaita, sobre textos de Xosé Manuel Broz, en homenaxe póstumo a Mingos de Pita, persoeiro indiscutible da cultura melidense.



A TÉCNICA ALEXANDER E A SÚA APRENDIZAXE

Miguel A. Pardo Teijeiro, profesor de trompeta do Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Neste curso realizouse un seminario relacionado coa “Técnica Alexander” pertencente á Actividade de Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) na que se intentaron acadar os seguintes obxectivos:

- Coñecer as nocións anatómicas útiles para a actividade musical, os principios de firmeza e flexibilidade e o coñecemento do concepto de emprego do corpo e a súa repercusión no funcionamento musical.
- Destacar a importancia da observación para identificar un mal uso corporal na actividade musical elevando o grao de consciencia sensorial propioceptiva.
- Crear un pequeno manual no que se indiquen as posicións correctas para a súa práctica instrumental.
- Aprender e practicar estiramientos e exercicios sinxelos para reducir a tensión muscular resultante da práctica instrumental e previr lesións.

O proceso da aprendizaxe require cambio, un cambio no que o corpo pode ser un aliado ou un impedimento. A Técnica Alexander é unha ferramenta que nos axuda a estar en contacto co

corpo e as súas necesidades. Móstranos a posibilidade de gozar con responsabilidade e desenvolvendo a capacidade de elixir e adaptarnos ás esixencias que van aparecendo sen facernos dano.

Introdución

A Técnica Alexander leva o nome do seu creador, Frederick Matthias Alexander (1869-1955). Alexander, nado en Tasmania (Australia) foi un actor que se atopou, ao principio da súa carreira, cun problema recorrente de afonía que ameazaba o seu proxecto de dedicarse á recitación. En vista de que os médicos e profesores de voz aos que recorreu non puideron axudarlle decidiu atopar en por si a orixe dos seus problemas de voz.

Facendo isto embarcou nun fascinante proceso de estudo de si mesmo no que era á vez o obxecto para estudar e o suxeito que o estudaba. Aprendeu a observar as súas reaccións aos estímulos da vida cotiá, os seus desexos; aprendeu a discernir entre fins e medios e a decidir cando uns ou outros debían prevalecer. Aprendeu a usar o seu pensamento de maneira dirixida e consistente, utilizando a conciencia e a intención para cambiar cousas no seu corpo; deu coa actividade oposta á excitación que fai que reaccionemos automaticamente a un estímulo: a inhibición.



Fotografía de Alexander na súa xuventude

Esta calidade do uso dun mesmo é a pedra angular que dá sentido á súa Técnica. Non é tanto aprender a facer ben as cousas como deixar de facer o que interfere cos mecanismos naturais xerando problemas. A inhibición, segundo a entende Alexander, é unha actividade na que o sistema nervioso está implicado na actividade, non hai un abandono senón unha decisión diferente que favorece deixar de facer o que non é necesario e poñer ao sistema nun lugar no que pode empezar de cero evitando os usos nocivos e ineficaces.

Unha vez resoltos os seus problemas, xente de diversos ámbitos con doenzas varias empezaron a pedirlle que lles ensinase o que el aprendera. Alexander quedou moi sorprendido cando constatou que problemas aparentemente moi diferentes podíanse resolver apelando ao que el descubrira en si mesmo. Parecía haber un denominador común nos problemas que tiña a xente que buscaba a súa axuda. Este denominador era sen dúbida a forma en que o uso afecta ao funcionamento. Se nos usamos o sistema respectando o deseño é moi probable que funcione ben; cando isto non ocorre o problema non chega de inmediato, pero cando chega e empezamos a buscar unha solución, é fácil ver a conexión entre uso e funcionamento. O complicado é atopar unha técnica que os conecte, este é o mérito de Alexander.

Un vehículo: o corpo

A súa Técnica parte do corpo; este é o vehículo que usamos para ir cambiando o que nos fai falta para funcionar mellor, usamos a capacidade de sentir, de observarnos, de decidir que queremos para nós mesmos nun determinado momento. Pero isto non quere dicir que haxa unha separación entre corpo e mente. De feito, Alexander deuse conta rapidamente de que a mente está integrada no corpo e comprendeu que a disociación non ten sentido á hora de estudar a actividade

humana. Dicia que o ser humano é un ser “ psicofísico” no que o mental e o físico non se poden separar.

Cada cousa que facemos ten diferentes manifestacións, todas elas necesarias para facela viable. Se eliximos, por exemplo, un acto como o de estudar, é fácil caer na tentación de pensar que é unha actividade puramente mental pero, pensándoo mellor, podemos ver o impacto que ten que nos doia as costas ou a cabeza ou que esteamos namorados ou que acabemos de ter unha discusión desagradable. Así, para conseguir unha máxima eficacia, hai que considerar como estamos cando nos poñemos a estudar, como nos expomos á actividade desde o corpo. É conveniente tamén observarnos na cadeira e ver como estamos sentados, observar onde está o computador ou o libro en relación aos ollos, se os pés están no chan ou cruzamos habitualmente unha perna sobre a outra, se esta perna é sempre a mesma ou cambia. Podemos observar tamén se usamos o respaldo da cadeira para suplantar ás costas, ou é un apoio que nos axuda a cubrir a demanda que se nos presenta. É interesante observar que facemos cos beizos, a mandíbula, a lingua, o cello, a cara é unha fonte inesgotable de tensións residuais innecesarias e que gastan unha enerxía que debería ir dirixida a outro lugar.

A aprendizaxe, un proceso de construción

Nesta Técnica hai varias partes que se unen para buscar un resultado. Por unha banda está o factor humano, o alumno e o profesor, dous seres cambiantes que se teñen que adaptar cada día ás circunstancias vitais que se van atopando; por outro está a Técnica en si. Cada clase ten un protagonista: o alumno. Isto significa que é este o que debe decidir se quere ir ás clases e como aproveitalas. O profesor non pode ensinarlle ao seu pesar, a colaboración entre ambos é necesaria e en cada clase o traballo en equipo é o que fai posible avanzar. A vontade do alumno de asistir a clases é o que converte a aprendizaxe desta técnica nun proceso fascinante e único. Pero isto poderíase aplicar a calquera cousa que aprendamos, a calquera idade.

A miúdo óese aos estudantes expresar as súas queixas respecto á aprendizaxe. Estudar non é unha tarefa fácil. Require tempo, disciplina, sistemática, intelixencia, paciencia e moitas cualidades que hai que desenvolver. Repito, cualidades que hai que desenvolver, xa que moitas delas, aínda sendo innatas, requiren ser construídas e implementadas cada vez. E é por isto que non se pode tomar a treco, hai que ser conscientes de que durante moitos anos un estudante medio non sabe cal é o seu potencial, nin como aproveitalo. O propio proceso de

aprender hai que aprendelo. Unha vez feito isto, cada cousa que se aprende ten unhas características propias que hai que considerar; entre elas, as calidades, preferencias e contexto de cada persoa. Aprender unha mesma actividade pode ser totalmente diferente nun momento ou outro da vida dunha persoa e, se non fai unha labor reflexiva das necesidades e circunstancias que ten nese momento, é fácil que a aprendizaxe se converta nunha cuestión de obrigación; o obxectivo entón vólvese tan importante que se pasan por alto os medios para conseguilo, incrementándose así a desorde interna nunha manifestación ou outra.

A cuestión fundamental é a aprendizaxe en si mesmo. Cando aprendemos pasamos de “non saber” a “saber”. Algo que non estaba na nosa experiencia vital ou no noso intelecto pasa a formar parte do noso ser, convértese en algo que nos “pertence” e que podemos usar en función das nosas necesidades.

Para adquirir coñecemento, xa sexa intelectual ou experimental, é

necesario pasar por un camiño polo que nunca pasamos e que nos pode resultar moi estraño e mesmo asustarnos. É moi importante ter unha actitude construtiva e consistente cando aprendemos algo; isto implica tomarse o erro como unha parte fundamental da aprendizaxe, un aspecto que hoxe en día é pouco aceptado. A pretensión, a fantasía que impera, é que a aprendizaxe será fácil e fluída, que o coñecemento fluirá do profesor ou do libro ao alumno de forma espontánea e como por encantamento; que os conceptos serán entendidos de inmediato e sen necesidade de reflexión nin práctica por parte do que aprende. Calquera que aprendese algo ao longo da vida sabe por experiencia que isto non é certo en absoluto; e con todo o que se observa é que a xente pretende ter o resultado de forma inmediata e inequívoca, custa aceptar a equivocación e é raro que a xente se dea conta de que pretender aforrarse os erros non fará máis que impedir, en última instancia, que obteña o coñecemento que estaba a buscar.



Tanto na interpretación coma na vida cotiá, o pianista Arthur Schnitzler representa un excepcional exemplo de bo porte.

Dá igual o que esteamos a aprender; pode ser unha actividade intelectual ou ben unha aptividade física na que a coordinación e a habilidade persoal entren en xogo. En calquera caso é aconsellable facer un estudo da actividade e das circunstancias que nos rodean, así como das nosas aptitudes persoais e os nosos desexos. Antes de “poñerse a iso” hai que empezar por “parar”. Trátase tan só de darse tempo, un momento, unhas horas quizais. Esta actitude básica fai que nos achegemos a nós mesmos e podamos vernos doutra forma; poderemos albiscar se de verdade queremos aprender esta nova actividade ou quizais as nosas razóns para conformarnos a ela, no

caso de que non sexa unha elección totalmente libre. Poderemos sopesar o que está ao noso favor e o que nos prexudica e tamén como podemos restrinxir as nosas limitacións, á vez que potenciamos as calidades. Cando nos expomos así a unha nova aprendizaxe, a actitude é basicamente construtiva; non imperan os obxectivos senón os medios que nos damos para conseguir o que nos propuxemos aprender. Todo o mundo pode lembrar moitas experiencias deste tipo e é fácil lembrar as sensacións; a miúdo sentimos medo, ansiedade, preocupación, inseguridade.

O medo: un motor, un obstáculo

A cuestión do medo merece unha mención especial xa que aínda que é unha emoción que está na esencia do ser humano, unha emoción que pode salvarlle a vida en certas circunstancias, pode xerar bloqueos se aparece cando non é necesaria. Máis aínda, pode chegar a instalarse de tal forma nunha persoa que non é que teña un medo puntual senón que vive con medo e enfronta as diferentes situacións da súa vida co medo como leito sobre o que o resto das súas reaccións se inician.

Nestas circunstancias a liberdade de elección vese seriamente coartada e é moi difícil ser construtivo e gozar á hora de aprender algo novo. Cando ocorre isto, o proceso complicase xa

que por unha banda desexamos unha cousa e polo outra a dificultamos. Os obxectivos confúndense cos medios, non vemos a forma en que podemos conseguir o que “debemos” conseguir e ao mesmo tempo tampouco vemos o camiño de negarnos, de cambiar de opción persoal. Para conseguir o obxectivo sen facerse dano é preciso considerar a situación de forma obxectiva e individual, preguntarnos que queremos e cales son as condicións que nos acompañan, así como os usos nocivos que facemos dos nosos mecanismos.

A Técnica Alexander é unha ferramenta moi útil á hora de manexar o medo que nos bloquea cando estamos a aprender algo. Achéganos a nós mesmos e axúdanos a decidir sobre os nosos obxectivos. É un traballo sobre un mesmo, usando como base o corpo, movementos sinxelos e a coordinación.

O medo e todas as emocións humanas teñen unha manifestación física que pode pasar desapercibida se nos centramos exclusivamente no obxectivo que nos propuxemos. Cando nos atopamos con algunha dificultade no proceso dunha aprendizaxe adoita haber un bloqueo, un afastamento do obxectivo sen que haxa achegamento a nós mesmos. Isto impide desenvolver unha actitude que favorece aprender nese momento e deixa unha pegada que o impedirá no futuro. Todo se constrúe, tanto as calidades como as

limitacións; e o corpo é o depositario desta construción. Nun momento dado é o que nos avisa de que algo vai mal e que temos que prestar atención ao que estamos a facer con nós mesmos.



Na imaxe da esquerda observamos unha excesiva laxitude no torso e na actitude xeral. O resultado tradúcese en incomodidade a medio e longo prazo, xunto con falta de implicación na actividade. O exceso de tensión e consecuente arqueamento cara a dentro (hiperlordosis lumbar) que vemos na figura do centro ocasiona molestias na musculatura e limita a respiración. Na imaxe da dereita obsérvase unha postura centrada e equilibrada do torso. Esta forma de utilizar o corpo xera óptimas condicións tanto para o benestar do intérprete como para a súa actividade musical.

Que podo facer por min?

A Técnica Alexander axúdanos en primeiro lugar a sentir o corpo, de forma que podemos identificar os hábitos que nos están impedindo aprender. Isto require certo tempo e a vontade de achegarse a un mesmo para

que a base da comunicación cun mesmo estea axustada. Unha vez identificados os hábitos propón un método concreto e sistemático para impedir que o hábito apareza unha soa vez.

Desta forma os alumnos comezan unha relación consigo mesmos que a miúdo resulta sorprendente; conseguen entender algunhas das súas dificultades e tamén as motivacións que teñen cando emprenden unha nova actividade. É un proceso novo e fascinante no que constatan a relación intrínseca entre o corpo e a mente en todas as súas manifestacións.

Ao final, este proceso ten moito que ver cos desexos que temos. Cando pregunto á xente que quere adoita responder “estar ben”, “que a miña familia estea ben”, “ser feliz”, etc. Por suposto. Pero estes desexos son demasiado amplos e complexos e apenas dependen de nós. A pregunta que fago é “que quero para min agora?” Agora, neste momento. Para min, de min, das miñas pernas, das miñas costas, dos meus beizos ou a miña garganta.

Este traballo propón respostas a estas preguntas, unhas respostas que conxugan os desexos co deseño. En todo o proceso o alumno vai aprendendo e experimentando o poder que ten sobre a súa propia vida. Máis aló de téñoos “que” existe a posibilidade de aclarar cales son os

desexos propios. Isto non se consegue, por suposto, rapidamente nin enfocando o traballo de forma superficial pero certamente é unha das posibilidades que ten o ser humano, unha posibilidade que lle pertence e á que ten pleno dereito independentemente do que os demais ou a sociedade espere de cada un.

Esta actitude non ignora a necesidade de respectar as regras sociais; moi ao contrario. Simplemente pon á nosa disposición unha apertura mental que nos dará acceso a un amplo abanico de opcións á hora de reaccionar a un estímulo. Terá ademais un impacto positivo no goce da vida xa que o proceso da vida é un camiño constante de aprendizaxe e cambio; se podemos facelo gozando da aprendizaxe a sensación será moi diferente. A isto pode axudar o traballo de Técnica Alexander.

Referencias Bibliográficas.

- *A tono; Ejercicios para mejorar el rendimiento del músico.* Fàbregas Molas, Silvia; Rosset Llobet, Jaume. Editorial Paidotribo
- *El manual de la Técnica Alexander.* Richard Brennan. Ediciones Plural.
- *El Cuerpo Recobrado. Introducción al Método Alexander.* Michael Gelb. Ediciones Urano
- *Guía de introducción a la técnica Alexander aplicada al ámbito laboral.* Mireia Mora Griso. Ed. Foment del Treball Nacional.
- *Formación para la autogestión del trabajador.* Mireia Mora Griso. Ed. Foment del Treball Nacional.
- *Técnica Alexander para músicos.* Rafael García Martínez. Ediciones Robinbook.
- *Interpretación musical y postura corporal.* Susanne Klein-Vogelbach. Akal Música.

**CONFERENCIA NO CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE MÚSICA O DÍA 6 DE
FEBREIRO ÁS 18 HORAS: ORIXE DE
CANUTO BEREÁ RODRÍGUEZ**

Manuel Rico Vereá, etnomusicólogo

Falar da familia de Canuto Berea é falar de grandes creacións musicais, da muiñeira sinfónica, *la Alfonsina*, de melodías como *Un suspiro*, de suites e de grandes creacións de paisaxes musicais inspiradas en temas



A familia Canuto Berea

Falar de Canuto Berea é falar da vida musical desta cidade durante cento cincuenta anos.

Falar de Canuto Berea é falar do mundo da edición musical de obras dos compositores máis importantes de Galicia, de luthieres, de venda e aluguer de instrumentos musicais e de reprodución, de novas metodoloxías musicais importadas de Europa, en definitiva, é falar da planificación musical da cidade da Coruña.

tradicionais de Galicia: Aires Galegos, Rosa de Abril, A suite Galaica, En las montañas de Galicia, (...).

Estamos aquí para afondar nas raíces dunha saga personalizada na figura tan sobranceira de Canuto Berea, de orixe tan difusa ata agora. Neste país naceron moitas persoas que dedicaron a súa vida ao engrandecemento de Galicia. Sebastián Canuto, Canuto Xosé, Canuto e Andrés Canuto conforman unha saga exemplar na creación, na promoción e na difusión da nosa cultura musical que compre visualizar, traer á memoria... porque é de xustiza recordar a todos os que foron bos e xenerosos con Galicia.



A orixe do antropónimo Vereá, Berea ou Brea

Cada persoa é unha concreción da natureza humana e por iso nos recorda a filosofía que un dos principios fundantes de cada un de nós é a nosa identidade.

Somos singulares porque cadaquén é sempre o mesmo en comunicación co universo e cos semellantes. Esa identidade concretase nun nome, nunha casa e mesmo, no microcosmos onde vivimos, nun alcume máis identificador.

Cada un dos nosos nomes e apelidos identifícanos e sitúannos no mundo. Vincúlanos directamente co noso grupo humano, coa nosa estirpe, coa nosa familia.

Mais a corrección lingüística dos nosos nomes e apelidos patrimoniais non sempre se respectou e así vemos como, persoas da nosa mesma árbore xenealóxica, teñen modificada a súa ortografía que naqueles tempos dependía da formación do escribinte, dos cregos ata avanzado o século XIX, e tamén das normas vacilantes da lingua romance utilizada nas certificacións, durante o XVII-XVIII e parte do XIX, que era o castelán.

Tiña eu un interese persoal en acadar a árbore xenealóxica da familia agora que estou xubilado e, pouco a pouco, fun

descubriendo nos arquivos, cada día, un anaquiño da intrahistoria familiar e persoal.


Tiven que acudir aos rexistros das parroquiais de San Miguel de Boimil e San Martiño de Andavao que funcionaron a partir de 1650 con moitas deficiencias formais que se foron emendando de forma progresiva coas constitucións do sínodo compostelán de 1746.

No ano 1704 atopamos a primeira certificación dun **Pedro de Brea** casado **con Pascuala do Pazo que nace sobre 1640 e que fina no 1714**. Pero é arredor do 1600 cando se crea en Andavao a casa dos Vereá e Aguiar procedentes de San Estevo do Campo e emparentados despois cos Prado do Rego do Pazo, pazo de Bieite, casa do Boído, etc. Os primeiros nomes de Vereas que atopamos nos rexistros son dúpliques dos desta casa: Pedro, Gregorio, Xoán, Inés, Catarina, etc.

No 1717 aparece no rexistro outro **Pedro de Berea**, fillo do anterior, casado **con Xoana Rodríguez, veciños de Andavao que bautizan ao seu fillo Fernando de Berea Rodríguez e son os seus padriños Fernando de Ron, da casa do Boído de Boimorto, e a súa muller, Luísa Varela, de Andavao**.

Tres anos despois, no mesmo libro de certificacións, lemos: "(...) Bauticé (...) a un hijo legítimo de **Pedro de Berea** e su mujer **Juana Rodríguez** vecinos de Boymil. Púsele por nombre **Pablo Antonio Canuto**. Fueron sus padrinos

Isidro Gómez Fraguio vecino de Santiago de Boimorto e **Manuela Rodríguez** de Andavao (...). Isidro Gómez Fraguío é da casa do Boído e Manuela Rodríguez é irmá de Xoana, a muller de Pedro.



Certificado de bautismo de Fernando, irmán de Pablo Antonio Canuto



Certificado de bautismo de Pablo Antonio Canuto

Orixe toponímica

O apelido Vereas ten unha orixe toponímica. Usouse, utilizando a preposición 'de' ata avanzado o século XIX nos documentos dos rexistros estudados das freguesías de Andavao e Boimil: Andrés de Vereas, Caterina de Vereas, Inés de Vereas, Lourenzo de Vereas, María de Vereas, Pedro de Vereas, Xoán de Vereas, etc. Na lingua coloquial, no rural, aínda se utiliza na actualidade esta preposición de pertenza para identificar a estirpe de cada quen e para definir a identidade con máis precisión.

Na rama familiar dos Vereas de Boimil e doutras moitas casas, sobre todo as introducidas no ámbito da fidalguía da zona, o apelido Vereas superou en moitos casos os avatares das deturpacións e tamén das castelanismos programadas.

Mais non sucedeu o mesmo en todas as ramas desta árbore xenealóxica. Resulta evidente a arbitrariedade da representación deste apelido nos diferentes libros de rexistro parroquial ou civil. Unha mesma persoa atopámola grafada como Vereas, Bereas ou Brea.

A introdución do "B" no apelido tivo moito que ver a vacilación ortográfica da lingua española antes de 1815, ano no que se consuma definitivamente o proceso de modernización ortográfica da lingua castelá que é a utilizada nos

libros de rexistro eclesiástico e, posteriormente, no civil.

Xoán de Vereas, o primeiro que vén para a casa de Vereas do Campo, despois denominada casa Vereas de Vilanova, era fillo de Lourenzo, da casa dos Vereas de Cardeiro. Estes Vereas de Cardeiro, no século XIX, viron modificada a grafía do apelido grafada "**Breas**" e así permanece na actualidade.

A grafía correcta vai depender, xa que logo, dos autores dos documentos que reflicten un nivel de formación, na escrita, moi dispar. Na maioría dos casos tampouco tiñan a referencia exacta entre unha poboación sen escolas e con formación restrinxida só a unha fidalguía e a casas labregas fortes nas que se valoraba unha formación humanística básica e, para isto, enviaba os fillos a unha escola selectiva de pago.

Recordemos que a escola pública de Boimorto para todo o concello créase no ano 1857 despois de promulgar a Lei Moyano de Instrución Pública.

A familia de Pedro de Vereas, pai de Pablo Antonio Canuto

Centrámonos na significativa certificación que mostramos anteriormente e que tamén copiamos literalmente, incluídos os erros ortográficos e os cultismos latinizantes aprendidos nos centros de formación eclesiástica: *En diez y nueve días del*



A LA LÁ

*mes de Enero año de mil setecientos e veinte, yo, el infra escripto vice cura de San Miguel de Boymil Bauticé e puse los Santos oleos a un hijo legítimo de **Pedro de Berea** e su mujer **Juana Rodríguez** vecinos de Boymil púsele por nombre **Pablo Antonio Canuto** fueron sus padrinos Isidro Gómez Fraguío vecino de Santiago de Boymorto y Manuela Rodríguez vecina de Andabao, a quienes advertí el parentesco espiritual (...).*

A liñaxe dos Fraguío permanece no morgado da Casa do Boído, que inicia Pedro Sánchez Fraguío casado con María de Ron e Tovar a principios do XVIII.

Pablo Antonio Canuto, xa que logo, é sobriño e afillado de Manuela Rodríguez e afillado de Gómez Fraguío. O seu irmán, Fernando, é afillado do capitán Ron e Tovar. Ambas familias se unen na casa do Boído de Boimorto, morgado dos Ron e Tovar, que vai pasar a ser propiedade dos Varela de San Xiao de Zas de Rei, do arciprestado de Abeancos, da diocese de Lugo. Tamén van emparentar coa casa de Golán, do mesmo arciprestado, os Ron e Tovar e os Vereas, polo que pode que sexa a vía de promoción da familia de Pablo Antonio Canuto que, de acomodados labregos, apadriñado por unha saga de militares sitúa ó seu fillo, Ramón, en Ronda e, posteriormente en Zaragoza onde se inicia a saga de músicos que segue ata a actualidade.

Pedro de Berea, o pai deste **Canuto**, fina o 6 de setembro de 1723 cando Canuto só conta con tres anos e este xa non volve aparecer nos **arquivos parroquiais**.

Segundo nos documenta o libro da fábrica de San Miguel de Boimil, Pedro Berea era posuidor dun extenso lugar en Gárdema, aldea de Boimil que xa posuía o seu pai chamado tamén Pedro de Verea. Mercan a súa posesión Ferndo Ron e Sánchez Moscoso e, xa que logo, axúdanlle á viúva de Pedro, Xoana Rodríguez, con tres fillos, que é irmá de Manuela, esposa de Isidro Gómez Fraguío, a buscarlle unha saída social.

Na súa diáspora persoal, **Paulo Antonio Canuto** levou consigo varias marcas que se repiten na familia de **Sebastián Canuto Berea Ximeno** nado tamén o **19 de xaneiro**, e os seus descendentes: “**Canuto**” e Verea grafado con ‘B’, “**Berea**”.

Primeira marca

Por que o nome de Canuto? Dise da “familia Verea”, polo menos no expediente de limpeza de sangue de Juan Varela Fondevila Verea, nado no pazo de Folladela, que son “cristianos viejos” e, xa que logo coñecen o santoral e mesmo a vida e milagres de cada santo.

O día que nace Pablo Antonio Canuto, o 19 de xaneiro, celebra a igrexa o día de San Canuto, rei de Dinamarca, que

desde neno se distinguira pola piedade e o celo relixioso. Din as crónicas que limpou o mar de piratas e o seu reino de desordes e vicios. Asociou o poder real ó poder eclesiástico ó que lle permitiu toda unha serie de impostos. Decía que o ben do estado dependía da prudencia do gobernante pero, por querer emprender a reconquista de Inglaterra, as súas xentes danlle morte dentro da igrexa onde estaba orando, feito polo que é canonizado santo mártir.



Canuto é un nome singular e cunha filosofía de vida que debe coñecer moi ben a familia xa que non se vai repetir o nome en ningún habitante de Andavao ou Boimil.

En oito xeración da familia o nome de Canuto vai designar a seis descendentes.

Segunda marca

Consistiu en transmitir ata a actualidade o apelido grafado con “B” tal como se asentou no rexistro parroquial de Boimil e que se debeu transmitir documentalmente na súa diáspora persoal.

A historia do apelido Verea ou Berea ten unha dependencia, xa que logo, dos autores dos documentos.

Non só se reflicte este erro ortográfico nas certificacións destas freguesías. Tivo moito que ver o conflito entre o b e o v na lingua castelá na que aínda permanecen moitas palabras cunha representación gráfica distinta da súa etimoloxía. Aínda no século XIX, Xosé Moscoso, do Pazo de Bieite de Boimorto, avogado da Real Audiencia, redactor dos Estatutos do colexio de avogados da Coruña, fundador e Decano Presidente, casa no ano 1756 con Bernardina de Verea. Xosé, como avogado, litixia no seu nome, no da súa dona Bernardina Verea, no de Baltasar Verea, coengo da colexiata de Santa María do Campo, no de Juan Antonio de Verea e outros. Todos eles van aparecen no expediente grafando Verea con “B” aínda que toda a documentación familiar reivindica e permanece co apelido grafado con “V”.

Esta é a causa de que, segundo o censo consultado temos na actualidade en Galicia 211 persoas que grafan o apelido **Verea** e 98 que o grafan **Berea** e moitos máis que o grafan **Brea** pertencendo á mesma árbore xenealóxica.

Terceira marca

A terceira marca que leva a familia Canuto van ser os nomes reiterados na rama dos Vereas de San Estevo do Campo e as súas ramificacións na súa planificación de expansión territorial e de ascenso social. Na familia Canuto Berea é moi significativo que no século XVII e XVIII se sucedan e reiteren, como na casa central e outras ramas da árbore dos Vereas, os nomes de Pedro, Gregorio, Sebastián, Ramón, Juan, etc.

Cuarta marca

Os padriños de Fernando e o seu irmán Pablo Antonio Canuto pertencen á familia do capitán Ron e Tovar, aos Fraguío de Santiago de Boimorto, e aos Rodríguez, de San Martiño de Andavao. Eles van ser, sen dúbida, os seus valedores ao quedar orfos de pai. Pero os Canuto Vereas teñen máis vínculos que naquela época eran decisivos, sobre todo se sabemos que a familia Vereas tivo, desde o século XVI, unha clara planificación de expansión xeográfica na zona central do Tambre e unha planificación tamén para acadar un ascenso social baseada nas unións

matrimoniais pactadas coas familias máis poderosa.

Encontramos outro dato no *Libro da fábrica da igrexa de San Miguel de Boimil* que principia no ano 1730. Neste ano certifica os ingresos o reitor da freguesía segundo lle manifesta o mordomo e textualmente: “así mismo debió recibir de Bartolomé Sánchez Moscoso y mas llevadores del lugar de Gárdema que poseyó Pedro de Vereas (...) seis ferrados de centeno que paga cada año”

Seis anos máis tarde aparece este ingreso expresado literalmente: así “Item seis ferrados de centeno que antes pagaba don Bartolomé Sánchez Moscoso por el lugar de Gárdema y ahora pagan de esta manera: Pedro Varela das Seixas vecino de la feligresía de Andavao dos ferrados; don Fernando de Ron vecino de Santiago de Boimorto outros cuatro y ademas de ello otro medio que dejó a la fábrica doña María de Ron, su hermana que en todos hacen seis y medio”.

Quere isto dicir que o compadre de Pedro de Vereas, que finou no ano 1923, Fernando de Ron, adquiriulle a metade das terras de Pedro, á súa viuva e con seguridade se fixo cargo da promoción dos seus fillos. A outra metade adquiriuna Pedro Varela, parente da muller de Fernando Ron.

Hai unha rama dos Vereas que acada altas graduacións militares que tamén emparenta cos Fraguío e os Ron e Tovar, padriños de Fernando e Paulo

Antonio Canuto Berea Rodríguez. Ana María Seixas casa con Domingo Rodríguez Vereas, da Casa dos Vereas de Codeseda. O seu neto, **Jacobo Antonio Vereas**, é capitán do Rexemento provincial de Betanzos e o seu bisneto, Ignacio de Vereas Pol e Hermida, é “maestrante” na **Real Maestranza de Caballería de Ronda**. Repárese que perden o apelido Rodríguez para utilizar Vereas pola marca do apelido.

Ademais desta unión de familias sabemos que os Vereas de Codeseda – Gregorio Rodríguez de Vereas- son a mesma familia na súa orixe ca dos Vereas de Queirís, de Santaia de Moar – Domingo Rodríguez de Vereas- e gardan a mesma sintonía na súa alianza dos Vereas e Aguiar establecida a partir da unión entre Gregorio de Vereas, fillo de Pedro e Constanza, da casa de San Estevo do Campo con Mariana, da casa dos Aguiar de San Estevo de Pantiñobre de Arzúa. Incluímos esta forte alianza coa casa dos Vereas de Andavao-Mezonzo dado que nacen da expansión da primeira xeración dos Vereas de San Estevo do Campo.

Unha irmá de Ana María, María das Seixas, casa con **Andrés de Ron, fillo do capitán Fernando Ron e Tovar**, padriño de Fernando Vereas Rodríguez, o irmán de Canuto. Andrés é da mesma idade ca Pablo Antonio Canuto.

Pero hai máis Vereas militares:

No último cuarto do século XVIII, **Pedro de Alcántara Vereas Aguiar e Mosquera** era Brigadier dos reais exércitos,

rexedor de Santiago (e señor de Andeade).

O seu avó **Pedro Antonio Vereas e Aguiar** fora coronel do Rexemento provincial de Santiago e estivera na guerra da independencia en Astorga.

No 1780 tamén ingresa na Real Compañía de Gardas Mariñas **Francisco Vereas Hermida** e, 20 anos despois, **Joaquín Vereas e Aguiar** aparece na nómina de Auditor de guerra dos Exércitos.

Tamén sabemos que o Pazo de Andeade está moi unido á casa de Andavao pois un neto de Juan de Vereas e Marina Codesido vai casar coa herdeira de Andeade. Trátase de Gregorio Vereas e Aguiar López, fillo de María de Vereas e Aguiar e Codesido que casa con Juan López de Buazo.

Conclusión

Temos claras as marcas de Canuto e Bereas. Tamén sabemos que Pedro, pai de Pablo Antonio Canuto, avó de Ramón, bisavó de Juan e Tataravó de Sebastián Canuto Bereas levan a serie de nomes dos Vereas de Andavao e de San Estevo do Campo.

Coñecemos a importancia dos militares nas casas citadas de Andeade, Codeseda e Queirís dos Vereas e Aguiar. Cóstanos que probaron nobreza para diferentes cargos Joaquín Vereas e Aguiar, auditor de guerra dos exércitos, Ignacio de Vereas Pol e Hermida, para maestrante de Ronda, Francisco Vereas Hermida, para a Compañía de gardas

mariños, Manuel Vereas, secretario honorario da súa maxestade, Gregorio Vereas e Aguiar e Francisco Vereas e Aguiar, para cargos no Santo Oficio da Inquisición, etc.

Tamén sabemos a importancia social e militar dos padriños de Fernando e Pablo Antonio Canuto Berea. Só nos queda por saber para que parroquia do bispado de Lugo marcharon os fillos de Pedro de Berea ao quedar orfos pois só encontramos ao seu neto, procedente do bispado de Lugo, en Ronda, Málaga, onde casa no último terzo do século XVIII.

A planificación e expansión dos Vereas e Bereas

Entenderemos mellor a forte alianza das diferentes Casas dos Vereas se nos aproximamos ao estudo de Laura Rodicio. Na súa tese de historia moderna Laura asevera que “a saga dos Vereas destaca pola súa capacidade de adaptación que lle permite estar presentes desde o século XVII ata o primeiro terzo do XIX patrimonializando cargos no Cabido eclesiástico de Ourense”. Refírese a historiadora ós Vereas de San Estevo do Campo. Pero tamén patrimonializan certos cargos na Real Audiencia da Coruña, no Santo Oficio da Inquisición, nos exércitos e noutros cargos administrativos e eclesiásticos.

A orixe dos Vereas de Boimorto está na xeración de Juan de Berea, fillo de Pedro de Vereas, da Lavacolla, e

Constanza Seoane, de Pantiñobre, os primeiros posuidores do Pazo de San Estevo do Campo. Juan de Vereas e Aguiar Seoane casa, sobre 1650, con Marina Codesido, filla de Gregorio de Freixido e Catalina de Codesido, de San Pedro de Cardeiro, para dar lugar aos Vereas do actual concello de Boimorto e Mezonzo estudada polo historiador Antonio Presedo e que el denomina “os primeiros da Casa dos Vereas de Andavao”. Esta parella vai ter os seguintes fillos: Gregorio, Sebastiana, Mariana, Antonia, María, María Dominga, Caterina e Andrés.

Tres fillas ingresan en Santa Clara de Allariz con dotes de 1200 ducados que pagan Gregorio –de San Estevo do Campo-, a de Sebastiana Vereas, e Sebastián –tamén de San Estevo do Campo- a Mariana e Antonia Vereas Codesido.

Unha cuarta filla, María de Vereas e Aguiar Codesido, casa con Juan López de Buazo e teñen, polo menos, seis fillos: Pedro, Andrés, Brais, María Bernarda, Juan e Gregorio Vereas e Aguiar Codesido.

Este último, Gregorio de Vereas e Aguiar, señor das casas das Torres de Brates e Buazo, casa con Helena Bernarda Pacheco de Castro Montero Figueroa, dona da Torre e Coto de Andeade (1721).

Unha quinta filla, Caterina de Vereas reforza a alianza cos Codesido e casa con Pedro de Codesido.



Outro fillo, Andrés Vereá e Aguiar, casa con Ana Varela de Costoia, da casa de Golán, do arciprestado de Abeancos que tamén emparentarán cos Ron e Tovar.

Este matrimonio de Andrés e Ana tivo catro fillos. Francisco e Xosé foron cregos. Xosefa casa con Andrés Sánchez Barallobre de Roade. Herdan o morgado de OPA Gregorio de Vereá e Aguiar que casa con Andrea María Varela da freguesía de San Martiño de Andavao, lugar de Areas. Unha filla deles, Ana, vai casar con Francisco Varela Fondevila e o seu fillo Juan Varela Fondevila Vereá será bispo de Tanes e auxiliar da sede de Santiago.

Só con estes exemplos é ben perceptible esta planificación familiar que tiña, xa que logo, a clara pretensión de lograr un ascenso social mediante a política matrimonial con outras liñaxes da zona polo que, xeración tras xeración, se expande de Andavao, da Casa de Opa de Mezonzo, ás parroquias de Cardeiro, Boimil, Boimorto, Sendelle, Viladavil, Folladela, Golán, Arzúa, Melide, etc.

Tamén é visible a planificación de introducir a descendencia nas organizacións da igrexa, do exército, do Santo oficio da Inquisición e dos diferentes corpos administrativos de letrados. Recordemos que unha das funcións dos familiares eclesiásticos, os tíos cregos, era mellorar a dote das mulleres que ían casar con casas

labregas importantes ou con fillos de casas fidalgas.

En xeral, esta rama familiar mantén unha orde na asignación dos nomes, despois das xeracións dos Pedro, coa preferencia de **Gregorio, Sebastián, Juan, Ramón, etc.** Esta preferencia tamén é asumida polas distintas ramificacións da familia. Tamén prevalecía o apelido Vereá, aínda que fora da nai, sobre todo nos destinados ao servizo da igrexa. Os tres nomes están presentes no mesmo espazo temporal para designar algún dos fillos de diferentes casas Vereá. Na de Canuto levan esta orde: Ramón, Juan, Sebastián. Na casa de San Estevo do Campo permanecen en varias xeracións.

Estes nomes tamén se van repetir nos Vereá que van para a parroquia de Curantes da Estrada, denominada en Boimorto 'A Terra de Baixo'. Para alí vai outro **Pedro de Vereá**, labrego que casa con María Filloy sobre 1780. O seu fillo **Juan Vereá** Filloy casa con Florentina García de Porto, sobre 1810. O seu fillo, **Ramón Silvestre Vereá** García, que nace no ano 1833 e fina en Bos Aires no ano 1899, é o inventor da primeira máquina calculadora, patentada por el, que suma, resta multiplica e divide.

Finalmente, esta planificación incluía realizar as unións matrimoniais na mesma zona xeográfica coas familias de labregos máis poderosas e coas familias fidalgas se posuían o dote necesario



que, aquí, nesta rama familiar, dote e formación estaba a cargo do “tío cura”, racioneiro, coengo, abade, lectoral etc.

Volvendo á Familia Canuto Berea e sintetizando

Os biógrafos documentan que o seu pai, Sebastián Canuto Berea Ximeno, nace en Zaragoza no ano 1810 onde exerceu como director de orquestra e que o seu avó, Ramón de Berea, aparece en Ronda, procedente do bispado de Lugo. Sebastián Canuto Berea Ximeno, trasládase para a Coruña e aquí vai nacer o novo Canuto Xosé Berea Rodríguez. Recordemos que Ramón, Xoán e Sebastián son tres nomes reiterados nas casas Vereas.

O primeiro Canuto e o seu irmán Fernando, apadriñados polo capitán Ron -dos Ron e Tobar do Boído- e Luisa Varela de Andavao e Isidro Gómez Fraguío e Manuela Rodríguez, da mesma familia, tiveron que ser promocionados por esta familia influínte no ámbito militar e social coas ramificación que tiñan en diferentes pazos de Boimorto e, tamén no arcediagado de Abeancos (Melide) da diocese de Lugo, en Asturias e unha rama en Venezuela.

O Capitán Fernando Rodil de Ron e Tobar, nomeado tamén Fernando de Ron e Rodil, ou Díaz Rodil de Ron casou con Da. María García Varela, (padriño de Fernando, irmán de Canuto no ano 1717).ⁱⁱ

Non se precisa máis clarificación para ver os vínculos desta familia cos Canuto Berea e, para mais claridade teremos que profundar nas casas de San Xiao das Varelas, en Zas de Rei e en Golán, nas Rozadas e na Coruña.

A diocese de Lugo limita co actual concello de Boimorto, da diocese de Santiago, no arcediagado de Abeancos onde nace o bispo de Tanes Xoán Varela Fondevila Vereas. Neste caso os apelidos Varela e Vereas proceden de Areas, Andavao e Santa María de Mezonzo.

As mesmas casas fidalgas de Folladela e San Xiao, de Abeancos se vinculan coas casas do vínculo de Vilanova nos Ánxeles, da Torre de Andavao, Boimorto, Dormeá e Rodieiros.

Indícanos isto que moi doadamente debe ser certo que Pablo Antonio Canuto Berea Rodríguez, marchara de Boimil para o arcebispado de Lugo. Só precisamos desvelar para que freguesía e atopar esa xeración perdida que nos permitiría afirmar que o compositor da muiñeira sinfónica *La Alfonsina*, pioneiro con Chané e Pascual Veiga do orfeonismo galego, ten as súas orixes na freguesía de San Miguel de Boimil do concello de Boimorto.

Sebastián funda na cidade da Coruña o histórico comercio musical **Canuto Berea** e, cando fina no ano 1853, sucédeo no histórico comercio e empresa editorial da rúa Real, 38, o seu fillo primoxénito, Canuto Berea Rodríguez.



A LA LÁ

Canuto Berea Rodríguez foi pianista, violinista, compositor, director da orquestra do teatro principal e alcalde da cidade. Tivo sete fillos con Ana Rodrigo. Un deles herdará as dúas marcas citadas, 'Canuto e Berea', Canuto Berea Rodrigo.

Un tío seu, tamén na Coruña, Nicasio Berea Rodríguez, foi un lutier, un afinador e reparador de instrumentos musicais. **O seu sobriño Andrés Canuto Gaos Berea –que tamén utilizou a identidade de Berea Gaos–** tamén nacerá na Coruña e será un gran compositor e violinista. Con 18 anos comeza a súa carreira internacional como concertista de violín e, con teimosía familiar, tamén compón a súa famosa *Muiñeira para violín e piano* a mais doutras obras inspiradas na súa terra xa fóra de Galicia: *Aires Galegos*, *Nas montañas de Galicia* e, parafraseando a Rosalía, *Rosa de Abril*. Con 20 anos realiza unha xira de concertos por Cuba, México e Arxentina que será a súa segunda patria. No ano 1900, segundo el mesmo diría, “coma moitos galegos embarquei en Vigo, o Vigo sen peirao que nos levaba ao barco en canoas esperanzadoras. Cheguei a Bos Aires e seguí fiel a Galicia e ao meu destino de músico, sempre co violín debaixo do brazo, como levando o meu propio féretro”.

Na súa estanza, na Arxentina, destino de moitos galegos, tamén coincidiu con outros Vereas da diáspora, Manuela e

Dolores Verea Rodríguez, irmás de meu avó, Xosé Verea Noia, fillo de Vitorio Verea, o último reloxeiro que poñía en marcha tódolos reloxos do museo do concello da Coruña cada verán. Xosé, o seu fillo, co mesmo oficio, seguiu a estela de súas tías Manuela e Dolores e tamén foi para aquelas terras. Fina no ano 2002 e a súa necrolóxica reflicte a súa filosofía de vida: “Xosé Verea Noia (Pepe) finou o 27 de febreiro de 2001 (...) emigrante de Noia, A Coruña, o seu pobo natal que nunca esqueceu e que o levou sempre no máis profundo do seu corazón galego, de pura cepa, honrou a terra que o veu nacer e aquela que o recibiu, Córdoba, Arxentina, que lle deu a paz, o traballo e a liberdade que aló na súa patria soñou”.

Pablo Antonio Canuto Berea Rodríguez, nado en Boimil no ano 1720, sería o pai de Ramón Berea, coa referencia biográfica de nado na diocese de Lugo, avó de Juan, bisavó de Sebastián Canuto e tataravó de Canuto Xosé Berea Rodríguez, nado na Coruña no ano 1836.

Outros descendentes

Recibo un comunicado de Margarita Viso, tan contenta como expresiva, co novo dato sobre Canuto Berea que os biógrafos traían de Zaragoza. Nesta misiva tamén viña unha sorpresa dun coñecido pianista norteamericano que traduzo á nosa lingua:



A LA LÁ

O último músico da familia Canuto Berea, Jim Spencer Berea, pianista en Nova Iorqueⁱⁱⁱ

“Canuto Berea foi o pai de Alessandro Berea, que estudou dereito na U. De Madrid, embaixador de España en Xibraltar, Inglaterra, e Nova Orleáns. Cando o meu avó Pedro era neno, España e Inglaterra estaban en guerra por Xibraltar e ían asasinar ao meu bisavó Alessandro, á súa esposa Sofía, ao meu avó e aos seus irmán se irmás. Escaparon silandeiros pola noite de Inglaterra e colleron un barco para Nova Orleans, Louisiana, onde viviron durante varios anos ata que se formou a Liga das Nacións en Nova York.

O meu avó Pedro Xulio Berea foi para Nova York onde coñeceu á miña avoa Mildred Aimee López, muller increíble, procedente de España (Sevilla e Barcelona).

Mildred era unha coñecida guionista de Hollywood (escribiu varias películas de Betty Davis), profesora universitaria e tamén músico. Miña nai é a única filla deles nada en 1934.

A miña avoa Millie Mildred, planea levarme un ano á Coruña, cando era neno. Mostrárame todas as bonitas fotos da cidade, todos os meus tíos e primos, os festivais de gaita, e por suposto todo sobre Canuto como alcalde da Coruña, etc. Teño unha pintura da compañía de música Canuto

Berea na miña sala de estar e algunhas fotos máis. Pero miña avoa finou cando eu tiña 8 anos e nunca puider visitar España.

A familia de meu pai pertence á familia da Princesa Diana Spencer. De feito, o actual conde (o irmán de Diana, Charles Everett Spencer) comparte o nome exacto co meu pai (Charles Everett Spencer).

Os seus antepasados emigraron no 1800 desde Inglaterra, ás Bahamas e despois para Florida, onde naceu o meu pai.

Espero que nun verán poida ir a esa terra por primeira vez. Sempre soñei con ver A Coruña. Miña nai, Dolores Aimee Berea, foi unha famosa soubrette coloratura soprano que cantaba en el Met.

Realmente quero aprender a falar galego con fluidez. Encontro que é unha lingua elegante. (...).

Tamén chega ás miñas mans un concerto e unha versión de *Un Suspiro* de Canuto Berea, interpretado polo tenor, Fernando Ensenat Berea, fillo de María Luísa Berea, veciña desta cidade da Coruña, neto de Manuel Berea de Llano, bisneto de Carlos Berea Tejada e tataraneto de Manuel Berea Rodríguez o terceiro irmán de Canuto Berea Rodríguez.

Nesta cidade da Coruña, dos fillos, netos, bisnetos e tataranetos de Sebastián Canuto Berea Ximeno (Canuto Xosé, Ubaldo, Nicasio, Manuel, Clotilde, Balbina, Elvira e Pilar) temos varios músicos que merecen un próximo traballo que prometemos para un próximo número.

Árbore xenealóxica da Familia Canuto Berea Rodríguez

Árbore xenealóxica da familia de Pedro de Berea e Xoana Rodríguez que viviron na freguesía de San Martiño de Andavao e San Miguel de Boimil
Pedro de Berea casa con Juana Rodríguez viven na freguesía de Andavao e Boimil
Pablo Antonio Canuto Berea Rodríguez nace en Boimil o 19-01-1720 Padriños de bautizo Isidro Gómez Fraguio de Boimorto e Manuela Rodríguez de Andavao. <i>Fernando, o seu irmán, ten por padriños ó capitán Fernando de Ron (Boimorto) e a súa muller, Luísa Varela (Andavao). Ten outro irmán chamado Joseph.</i>
Ramón Berea, aparece en Ronda sen que reflectan a súa orixe de forma clara. Casa con Mariana González en Ronda, Málaga.
Juan Berea González ^{iv}nace en Ronda sobre 1780, Casa con Magdalena Ximeno de Zaragoza
Sebartian Canuto Berea^v nace en Zaragoza o 19-01-1813 – A Coruña, 1853). Casa con María Rodríguez de Ribadeo
Canuto X. Berea Rodríguez nace na Coruña, 1836 - 1891. Casa con Ana Rodrigo García Outros irmáns: Ubaldo Manuel, Nicasio, Clotilde, Balbina, Elvira e Pilar.
Canuto Berea Rodrigo nace na A Coruña, 1874 – Barcelona, 1935 De Pilar Berea Rodríguez , irmá de Canuto Xosé nace Andrés Canuto Gaos Berea/ Berea Gaos (A Coruña, 1875 – Mar del Plata 1959) Creador de paisaxes musicais inspiradas en melodías populares de Galicia Fillo: Gaos Guillochón (Violinista)
De Alejandro Berea Rodrigo, fillo de Canuto X. nace Pedro, neto de Canuto, Dolores Aimee Berea , soprano no Met de Nova Iorque, bisneta e segue a saga co tataraneto Jim spencer Berea , pianista en Nova Iorque.



ⁱⁱ Veciños de Boimorto tiveron por fillos a Andrés de Ron e Tobar, que casa con María das Seixas Mosquera e Andrade, o Capitán Baltasar de Ron e Tobar, a Gonzalo de Ron e Tobar, cura, veciño de Boimorto en 1693 e a Antonia de Ron Rodil e Tobar que casou por 1687 con D. Antonio López de Costoia e Saavedra da casa grande dos López de Costoia, sita na freguesía de San Xoán de Golán.

Estes tiveron a Ana-Margarita de Costoia e Ron, chamada de Ron e Tobar e Costoia, que casou na parroquia de Santa María de Cuiña, en Oza dos Ríos, o 16 de marzo de 1705 con D. Cristóbal-Ventura de Parga e Aguiar, fillo de D. Antonio de Araujo e Parga e da súa primeira muller Da. Inés de Aguiar e Moscoso. Foron señores do Pazo de Rozadas, na freguesía de San Simeón de Rodieiros, concello de Boimorto.

Estes tiveron a Pedro-Carlos de Ron e Tovar que adoptou los apelidos maternos foi Alcalde de San Sebastián de los Reyes, Tenente de Xustiza Mayor de Orituco, Teniente Justicia Mayor de Santa María de Ipire, Xuíz de Comisos General de Llanos del Departamento de Quebrada Honda, Unare e os seus anexos, na Provincia de Venezuela, onde fundou una extensa descendencia.

Tamçen tiveron a Da. María de Ron e Tobar, veciña de Santiago do Boimorto e madriña en 1706 da súa sobriña Da. María-Antonia de Parga e Ron, filla dos mencionados D. Cristóbal-Ventura de Parga e Aguiar e de Da. Ana-Margarita de Ron e Tobar.

^{iv} Fillos de Juan e Magdalena: Mariano, Sebastián Canuto, Nicolasa María, Manuela, Marcelina, Feliciano Sandalio, Juan Francisco, Romualdo, María Ana, Manuela Micaela, Mauricio Nicolás.

^v Fillos de Sebastián e María Antonia: Canuto José, Ubaldo, Manuel, Nicasio, Clotilde, Balbina, Elvira e Pilar.

A LA LÁ

O recuncho da creatividade



Joel A. Mato Paz (3ºGE)

Atopa a palabra (que falta na frase) na sopa de letras. Despois escríbena no enrocillado para saber a palabra secreta.

1. Nota na que a súa clave só pode estar en terceira ou cuarta liña.
2. O comezo dun compás pode ser: anacrúsico, acéfalo ou...
3. En intervalos simples, xusta só pode ser: unha cuarta, unha quinta ou unha...
4. A súa tonalidade maior (sen alteracións no seu nome) ten dous sostidos. Que nota é?
5. Como se chama a nota (da frase catro) en inglés?
6. Un dos maiores músicos barrocos da historia.
7. Serie de pulsacións de maneira constante que dividen o tempo en fragmentos idénticos.

B	T	O	P	W	B	B	L	G	A	I
O	E	I	F	U	D	L	A	Q	S	A
H	T	T	E	L	E	M	A	N	N	U
T	I	A	P	H	X	S	Ñ	Q	Z	E
U	C	V	Q	H	O	A	O	G	U	B
G	O	A	E	Z	N	R	I	F	X	T
P	E	Y	B	F	A	L	E	B	Ñ	U

A palabra secreta é:

SOLUCIÓN

Atopa a palabra (que falta na frase) na sopa de letras. Despois escríbena no envoltado para saber a palabra secreta.

1. Nota na que a súa clave só pode estar en terceira ou cuarta liña.
2. O comezo dun compás pode ser: anacrúsico, acéfalo ou...
3. En intervalos simples, xusta só pode ser: unha cuarta, unha quinta ou unha...
4. A súa tonalidade maior (sen alteracións no seu nome) ten dous sostidos. Que nota é?
5. Como se chama a nota (da frase catro) en inglés?
6. Un dos maiores músicos barrocos da historia
7. Serie de pulsacións de maneira constante que dividen o tempo en fragmentos idénticos.



A palabra secreta é: ACORDES

JOEL A.
MARTÍ PAZ
2006